



## TESE DE DOUTORAMENTO

# Avaliación da memoria e aprendizaxe verbal no Deterioro Cognitivo Lixeiro

María Campos Magdaleno

Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

Santiago de Compostela, 2017

*A miña avoa Consuelo.*

*Ogallá estiveses aquí.*



## AGRADECIMENTOS

En primeiro lugar, e sobre todo, a Onésimo Juncos, por esta e todas as oportunidades que me deu ao longo destes anos, que me permitiron medrar como profesional e como persoa, e me levaron a conseguir os logros dos que non me cría capaz. Grazas polo apoio, comprensión, preocupación e cariño, e por ser máis que unha figura docente.

A David Facal, polas incontables horas de dedicación, axuda e apoio. Pola confianza e as oportunidades, pero sobre todo polo gran exercicio de paciencia que tivo que exercer conmigo durante todo este proceso.

A Arturo Pereiro, sempre pendente de min e disposto a orientarme e a axudarme en todo o que precisei neste longo e incerto percorrido.

A Cris e Sabela, amigas más que compañeiras de traballo, que sempre valoraron o meu esforzo, me axudaron en momentos de fraqueza, e se converteron en imprescindibles dende que apareceron.

A miña nai Rosa e a meu pai Ramón. A meu irmán David, a miña tía Chelo e a Marta. Teño moitas cousas que agradecerllas a cada un deles, pero sobre todo a seguridade que me transmiten e o respaldo que me dan, sen o cal non podería seguir adiante.

A Carlos, por aguantar as miñas idas e vidas, por todo o apoio e ánimos, e sobre todo por converter en risas os momentos de presión onde só quería chorar.

E como non, a Vero, Noe, Ana, Lore, Diego, Jana, Alba, Xiana e Casais, por estar preto aínda que estivéramos lonxe. É un orgullo saber que podo contar co voso cariño, e sobre todo coa vosa comprensión por non poder estar sempre presente.

# ÍNDICE

<b>RESUMO .....</b>	<b>13</b>
<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>1. O Deterioro Cognitivo Lixeiro. ....</b>	<b>15</b>
<b>1.1. O contínuum no envellecemento normal, DCL e Enfermidade de Alzheimer (EA). ....</b>	<b>16</b>
<b>1.2. Criterios clínicos de diagnóstico do DCL .....</b>	<b>16</b>
<b>1.2.1. Evolución dos criterios clínicos. ....</b>	<b>17</b>
<b>1.2.2. Criterios clínicos: diagnóstico diferencial. ....</b>	<b>21</b>
<b>2. Avaliación da memoria e aprendizaxe verbal.....</b>	<b>22</b>
<b>2.1. O California Verbal Learning Test (CVLT). ....</b>	<b>23</b>
<b>2.1.1. Estrutura interna do CVLT. ....</b>	<b>23</b>
<b>2.2. O Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense (TAVEC). ....</b>	<b>24</b>
<b>2.2.1. Estrutura interna do TAVEC.....</b>	<b>26</b>
<b>2.2.2. Estabilidade temporal da estrutura factorial do TAVEC. ....</b>	<b>28</b>
<b>3. Os perfís de rendemento na memoria e aprendizaxe verbal dos subtipos de DCL e as agrupacións por conglomerados. ....</b>	<b>28</b>
<b>3.1. O rendemento na memoria e aprendizaxe verbal: os marcadores cognitivos de DCL. ....</b>	<b>28</b>
<b>3.2. As agrupacións por conglomerados segundo o rendemento no DCL. ....</b>	<b>31</b>
<b>4. Clasificación do DCL con criterios empíricos baseados en análises de conglomerados. ....</b>	<b>33</b>
<b>5. Evolución temporal: efecto da práctica e cambio clinicamente significativo na memoria e aprendizaxe verbal. ....</b>	<b>34</b>
<b>II. OBXECTIVOS E HIPÓTESES .....</b>	<b>37</b>

III. ESTUDOS.....	39
IV. DISCUSIÓN XERAL .....	75
1. Estrutura interna do TAVEC e a súa estabilidade temporal: Obxectivos 1 e 2. ....	75
2. Patróns de memoria e aprendizaxe verbal dos subgrupos de DCL: Obxectivo 3. ....	78
3. Agrupación por conglomerados e a súa utilidade para clasificar o DCL: Obxectivos 4 e 5. ....	83
4. Cambios que se producen na memoria e aprendizaxe verbal nunha avalía de seguimento: Obxectivo 6. ....	87
V. CONCLUSIÓNS .....	91
VI. BIBLIOGRAFÍA.....	93

## RESUMO

O Deterioro Cognitivo Lixeiro (DCL) é unha entidade clínica utilizada para describir as persoas que presentan queixas subxectivas de deterioro cognitivo (confirmadas por un informante) e deterioro obxectivo en un ou máis dominios cognitivos, que non afecta significativamente as actividades básicas nin instrumentais da vida diaria. Habitualmente enténdese como unha fase intermedia nun contínuum entre o envellecemento normal e a demencia, ou como unha fase prodrómica da Enfermidade de Alzheimer.

O *Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense* (TAVEC) é a versión española do *California Verbal Learning Test* (CVLT), un instrumento baseado en listas de palabras que permite avaliar distintas formas de recordo, a utilización de estratexias, e os tipos de errores. Este instrumento conta cunha adecuada validez e fiabilidade, e unha estrutura interna que indica que as variables agrúpanse con respecto aos constructos hipotéticos que representan. A estrutura interna do CVLT foi analizada en diferentes mostras clínicas, e neste traballo avaliarase dita estrutura do TAVEC nunha mostra clínica de participantes maiores de 50 anos con queixas subxectivas de deterioro cognitivo.

Os estudos previos que indican que as persoas con DCL tenden a presentar dificultades na adquisición e aprendizaxe das palabras, curva de aprendizaxe estancada, maior taxa de esquecemento, menor utilización de Estratexias Semánticas, e maior número de errores. Sen embargo, nestes estudos non se contemplan diferentes subtipos de DCL que permitan establecer os patróns de rendemento asociados a cada un deles. Neste traballo realiza unha análise do rendemento nas diferentes variables do TAVEC en tres subgrupos de DCL, uni- e multidominio amnésico, e multidominio non amnésico. Tamén se estuda, por outra banda, o rendemento en memoria nunha mostra de persoas con queixas subxectivas de deterioro cognitivo a través dunha análise de conglomerados. Os conglomerados clasifican aos participantes mediante criterios empíricos, utilizando o rendemento

cognitivo, e permítese, así, precisar se se corresponden cos establecidos a través dos criterios diagnósticos clínicos.

O control do efecto da práctica, un fenómeno que se produce pola utilización repetida dun mesmo instrumento, e a determinación dos cambios clinicamente significativos é outro dos temas importantes abordados na literatura con respecto as avaliaciós de seguimento do deterioro da memoria. Neste traballo realizaase unha comparación entre a avaliação de liña base e unha avaliação de seguimento para determinar a existencia do efecto da práctica e os cambios significativos de rendemento cognitivo.

En xeral, os estudos que se integran nesta tese poñen de manifesto que o TAVEC é unha ferramenta robusta, cunha estrutura interna baseada en dous factores, Eficacia da Memoria e Inexactitude da Memoria. Obtivéronse patróns diferenciais para cada un dos subtipos de DCL en canto ao rendemento nas variables do TAVEC, onde o DCL multidominio amnésico presenta o maior grao de deterioro en memoria, o DCL unidominio amnésico presenta un grao intermedio, e o DCL multidominio non amnésico o rendemento en memoria más preservado dos restantes grupos analizados. A través da análise de conglomerados obtivéronse catro subtipos que resultaron útiles a hora de detectar correctamente as persoas con DCL amnésico, con un bo nivel de sensibilidade. Finalmente, o estudio lonxitudinal confirmou a existencia do efecto da práctica para o TAVEC tanto nos grupos con DCL como no grupo de rendemento obxectivo normal. Apareceron cambios significativos de rendemento para os grupos DCL amnésico que indican que o grupo DCL unidominio mostra un deterioro principalmente nas variables de recordo, mentres que o DCL multidominio obtén un deterioro nas variables de recordo e un aumento dos errores. As persoas cun rendemento obxectivamente normal tenden a permanecer estables.

# I. INTRODUCCIÓN

Este traballo busca a ampliación dos coñecementos científicos no campo do Deterioro Cognitivo Lixeiro (DCL), concretamente na avaliación da memoria e aprendizaxe verbal e a súa utilidade para establecer os diagnósticos de DCL nunha mostra de persoas maiores de 50 anos con queixas subxectivas de memoria (QSM), utilizando un instrumento validado en poboación española (*Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense; TAVEC*; Benedet e Alejandre, 1998).

Un dos puntos fortes radica na consideración de distintos subtipos de DCL (unidominio e multidominio, amnésico e non amnésico) a hora de analizar patróns de rendemento, a evolución temporal dos mesmos, a estrutura factorial do instrumento, e a correspondencia dos perfís de rendemento cos diagnósticos clínicos. A posibilidade de utilizar diferentes subclasificacións de DCL constitúe unha proximación relativamente novedosa neste campo de análise.

## 1. O Deterioro Cognitivo Lixeiro.

O DCL é un termo introducido na literatura por Reisberg e colaboradores no ano 1988 para describir aos individuos con unha puntuación na escala GDS (*Global Deterioration Scale*) de 3 puntos. Aínda que o concepto xa estaba sendo utilizado na literatura científica, foi no ano 1999 cando Petersen e os colaboradores da Clínica Mayo estableceron por primeira vez os criterios para o seu diagnóstico como entidade clínica propia. Esta conceptualización facilitou diferenciación do DCL de outros diagnósticos e denominacións referidas ao dano cognitivo (tales como a demencia preclínica, demencia leve, deterioro illado da memoria, demencia prodromica...) que resultaban pouco precisas (Petersen et al., 1999). Sen embargo, os límites e a definición desta entidade diagnóstica foi e sigue sendo investigada, e os criterios fóreronse revisando co obxectivo de afinar a validez diagnóstica.

## **1.1. O contínuum no envellecemento normal, DCL e Enfermidade de Alzheimer (EA).**

As aportacións de Petersen e colaboradores da Clínica Mayo conseguiron establecer o DCL como unha entidade diagnóstica considerada como unha fase intermedia ou transicional entre o envellecemento normal e a EA (Petersen, 2004). O envellecemento normal enténdese como un rendemento cognitivo dentro da media tendo en conta a idade e o nivel educativo (Petersen, Smith, Kokmen, Ivnik & Tangalos, 1992), mentres que o diagnóstico de EA defínese por un deterioro da memoria e outras alteracións cognitivas que afectan a correcta realización das actividades da vida diaria (*American Psychiatric Association*, 1994). A consideración do DCL como unha fase intermedia entre ambas entidades dentro de un contínuum de evolución do deterioro cognitivo, sostense nos datos de prevalencia e progresión. Segundo Belleville, Sylvain-Roy, Boysson e Ménard (2008), as persoas maiores de 65 anos que presentan DCL teñen un risco 10 veces maior de desenvolver EA que aquelas con envellecemento cognitivamente normal. A Clínica Mayo sitúan os datos de prevalencia da progresión de DCL a EA en aproximadamente un 12% anual (Petersen et al. 2004), aínda que existen grandes discrepancias entre os diferentes autores. Isto indica que aínda que o DCL pode considerarse como unha posible forma prodromática de EA (Gauthier et al., 2006; Petersen et al., 2009; Winblad et al., 2004) e que o deterioro cognitivo evoluciona nun contínuum onde a persoa pode situarse en diferentes graos de afectación, o DCL non implica necesariamente a evolución a EA.

## **1.2. Criterios clínicos de diagnóstico do DCL**

A clasificación clínica do deterioro cognitivo tivo o seu inicio no ano 1982 coa publicación dos criterios da CDR (*Clinical Dementia Rating*; Hughes, Berg, Danziger, Coben & Martin, 1982), onde se diferencian as persoas sen alteracións na memoria (CDR=0), das que presentan problemas de memoria que afectan as actividades da vida diaria (demencia cuestionable, CDR=0,5), e das que teñen rendemento compatible con demencia leve establecida (CDR=1). Posteriormente, estableceuse a escala GDS (*Global Deterioration Scale*; Reisberg, Ferris, de Leon & Crook, 1982), que proporciona unha clasificación clínica en 7 estadios, onde o número 3 se co-

rresponde con persoas con deterioro cognitivo que afecta levemente as actividades da vida diaria.

Sen embargo, estas clasificacións presentan algunas limitacións a hora de diferenciar a demencia preclínica ou leve do DCL, aínda sendo entidades distintas, un feito que motivou a Petersen e colegas (1999) a establecer uns criterios clínicos propios de diagnóstico.

### **1.2.1. Evolución dos criterios clínicos.**

Xurdiron, pois, no ano 1999 os primeiros criterios clínicos de diagnóstico de DCL, da man de Petersen e o seu grupo de traballo da Clínica Mayo (Petersen et al., 1999). Para que unha persoa fose clasificada como pertencente ao DCL debíanse cumplir os seguintes catro criterios fundamentais:

1. Presentar queixas de problemas de memoria, preferiblemente corroboradas por un informante próximo ao paciente.
2. Presentar deterioro obxectivo da memoria en comparación co esperable en función da idade e nivel educativo.
3. Presentar unha función cognitiva xeral preservada.
4. Confirmar a ausencia de evidencia de demencia.

Esta primeira conceptualización permitiu considerar o DCL como unha entidade propia. Sen embargo, só consideraban a existencia de DCL no caso de existir afectación na memoria, pero non en outros dominios cognitivos. Esta limitación foi rapidamente contemplada polo mesmo grupo de traballo, que dous anos despois suxerían a división do concepto en tres subgrupos, onde a afectación da memoria non sería unha condición necesaria para o diagnóstico de DCL. Falábase así, por primeira vez, da heteroxeneidade do concepto, onde podía existir o DCL amnésico, DCL multidominio levemente deteriorado, e o DCL unidominio non amnésico (Petersen et al., 2001).

Pero non foi ata o 2004 cando se publicaron os criterios diagnósticos de DCL que establecían diferentes subtipos en función do/s dominio/s cognitivo/s afectado/s. Na publicación de Winblad et al. (2004) recolléreronse as conclusións do simposio celebrado en Estocolmo no ano 2003, onde se reuniron profesionais internacionais de diferentes disciplinas para integrar as perspectivas clínicas e epi-

demiolóxicas no DCL, debater o estado do concepto, e as súas direccións futuras. Nesta xuntanza fixose unha revisión da entidade, establecendo uns novos criterios para o diagnóstico xeral de DCL, así como para cada un dos seus subgrupos. Para establecer o diagnóstico xeral de DCL, debíanse cumplir os seguintes criterios:

1. Confirmar que o individuo non é cognitivamente normal nin cumpre os criterios de demencia segundo o DSM-IV ou CIE-10.
2. Existir evidencia de deterioro cognitivo progresivo referido polo propio paciente ou por un informador externo, e un deterioro no rendemento en tarefas cognitivas obxectivas; e/ou evidencia de deterioro cognitivo a través de exploracións obxectivas seriadas no tempo.
3. As actividades da vida diaria permanecen intactas, ou existe un deterioro mínimo nas actividades instrumentais complexas.

Unha vez establecido o diagnóstico xeral de DCL, clasíficase en un dos seguintes catro subgrupos, en función do dominio ou dominios afectados: DCL amnésico (onde o único dominio cognitivo afectado é a memoria); DCL multidominio amnésico (afectación da memoria e outro/s dominios/s cognitivo/s); DCL unidominio non amnésico (afectación de un único dominio cognitivo diferente da memoria) e DCL multidominio non amnésico (afectación de dous ou máis dominios cognitivos diferentes da memoria).

Aínda que estes criterios supoñen unha mellora a hora de recoller axeitadamente aos individuos baixo un único diagnóstico, a heteroxeneidade do concepto pode supoñer un problema a hora de determinar a posible evolución de cada un destes subtipos. Habitualmente considérase ao DCL como unha posible forma prodromica de EA, pero a realidade é que moitos individuos diagnosticados con DCL permanecen estables no deterioro leve, ou progresan a algúns tipo diferente de demencia (por exemplo, demencia vascular) (Mitchell & Shiri-Feshki, 2009), ou ben mesmo reverten o deterioro mostrando melloras no rendemento en avaliações de seguimento e volvendo a clasificarse como clinicamente normais (Facal, Guàrdia-Olmos & Juncos-Rabadán, 2014; Loewenstein et al., 2009). Parece que só existe un amplio consenso por parte dos investigadores en que o subtipo amnésico é o que tende a evolucionar cara a EA con maior probabilidade (Petersen et al., 2001; Dubois & Albert, 2004). Tal é así, que Dubois e Albert estableceron paralelamente

no ano 2004 uns criterios para o diagnóstico de “DCL tipo Alzheimer”, ou “EA prodrómica”, cuxos criterios diagnósticos son os seguintes:

1. Queixas de memoria referidas polo paciente ou pola familia.
2. Inicio progresivo.
3. Actividades complexas da vida diaria intactas ou levemente afectadas.
4. Síndrome amnésico de “tipo hipocampal”, definido por:
  - a. Moi pouco recordo libre despois de unha adecuada (e controlada) codificación.
  - b. Diminución do recordo total debido a pouca capacidade de beneficiarse das pistas ou alteracións no recoñecemento.
  - c. Numerosas intrusións.
5. Persistencia dos cambios na memoria a través das avaliacóns consecutivas.
6. Ausencia dun síndrome de demencia completamente desenvolvido.
7. Exclusión de outros trastornos que poidan causar DCL, con test adecuados, e incluíndo probas de neuroimaxe e biomarcadores.

Esta foi a primeira vez que se incluíron as probas de neuroimaxe e de biomarcadores para establecer un diagnóstico de DCL, pero non a única. No ano 2011, Albert e colegas (Albert et al., 2011) afinaron estes criterios para referirse a sintomatoloxía existente durante a fase previa de demencia por EA, que denominaron “DCL debido a EA”. Unha vez máis, estableceronse uns criterios centrais para o diagnóstico xeral de DCL e uns criterios concretos para o diagnóstico específico deste subgrupo, incluíndo unha utilización máis consistente de probas biolóxicas para apoiar e maximizar a certeza diagnóstica. O diagnóstico establecese, pois, en dous momentos:

1. Criterios clínicos e cognitivos:
  - a. Cambio na cognición, comunicado polo paciente e un informador ou un clínico.
  - b. Evidencia obxectiva de deterioro en un ou máis dominios cognitivos.
  - c. Mantemento na independencia das habilidades funcionais.
  - d. Non existir un diagnóstico previo de demencia.

2. Exame etiolóxico de DCL consistente con procesos psicopatolóxicos de EA:
  - a. Descartar causas vasculares, traumáticas ou médicas de deterioro cognitivo, cando sexa posible.
  - b. Aportar evidencia de deterioro lonxitudinal na cognición, cando sexa factible.
  - c. Informar de factores xenéticos consistentes con EA, cando sexa relevante.

A recente publicación da derradeira do *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders fifth edition* (DSM-5; American Psychiatric Association, 2014) inclúe tamén unha caracterización denominada Trastorno Neurocognitivo Menor, que se corresponde coa concepción de DCL da que vimos falando nestes apartados. Neste caso, os criterios diagnósticos serían os seguintes:

- A. Evidencia de un declive cognitivo modesto dende un nivel previo de maior desempeño en un ou máis de un dos dominios cognitivos referidos:
  1. Preocupación do individuo, dun terceiro informado ou do facultativo con respecto a un declive modesto nas funcións cognitivas.
  2. Declive no desempeño neuropsicológico, implicando un desempeño nos test do rango de unha a dúas desviacións estándar por debaixo do esperado na avaliación neuropsicológica regulada ou ante unha avaliación clínica equivalente.
- B. Os déficit cognitivos son insuficientes para interferir coa independencia (por exemplo, actividades instrumentais da vida diaria, tarefas complexas como o manexo de medicación ou cartos), podendo ser preciso esforzarse máis, utilizar estratexias compensatorias ou facer unha acomodación para manter a independencia.
- C. Os déficits cognitivos non ocorren exclusivamente no contexto de un *delirium*.
- D. Os déficits cognitivos non son atribuíbles de forma primaria a presenza de outros trastornos mentais (por exemplo, trastorno depresivo maior, esquizofrenia).

Como se pode observar, os criterios clínicos de diagnóstico non recollen unicamente a necesidade de mostrar un rendemento cognitivo obxectivamente deteriorado, senón que tamén se sinala a necesidade de presentar queixas subxectivas de problemas cognitivos, ben sexa por parte da propia persoa que está sendo avaliada, ou ben por un familiar ou informador próximo ao mesmo ao longo das sucesivas revisións. Parece que as queixas de deterioro cognitivo subxectivo compoñen unha entidade identifiable e robusta previa a aparición do DCL, así como un factor de risco de progresión a demencia (Reisberg & Gauthier, 2008).

### **1.2.2. Criterios clínicos: diagnóstico diferencial.**

Ao longo da evolución dos criterios clínicos do DCL que se levou a cabo durante máis dunha década polo grupo de Petersen realizáronse grandes cambios co fin de mellorar a exactitude dos diagnósticos. Sen embargo, o diagnóstico diferencial non variou: débese confirmar que a persoa non cumpre os criterios compatibles con ningún tipo de demencia. Os criterios más utilizados para determinar a existencia ou ausencia de demencia son os recollidos no *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders 4th edition* (DSM-IV; American Psychiatric Association, 1994) así como os da *National Institute of Neurological and Communicative Disorders and Stroke-Alzheimer Disease and Related Disorders Association* (NINCDS-ADRDA; McKhann et al., 2011).

Os criterios da DSM-IV para o diagnóstico de demencia por EA requieren da presencia de problemas de memoria e deterioro en un ou más dominios cognitivos diferentes, así como da interferencia destes problemas no funcionamento social normal ou nas actividades da vida diaria. Pola súa banda, os criterios da NINCDS-ADRDA non recolle a existencia de interferencias no plano social nin ocupacional, pero permite a existencia de deterioro en áreas diferentes da memoria. É por esta complementación dos criterios que pode resultar interesante descartar a existencia de demencia utilizando ambos tipos de criterios diagnósticos.

Recentemente vense de publicar a derradeira edición do DSM, a quinta edición (DSM-5; American Psychiatric Association, 2014) onde o termo “demencia” deixa de utilizarse, especificando no seu lugar os criterios para o denominado Trastorno Neurocognoscitivo Maior para referirse a aquelas persoas que mostran evidencia de un declive cognitivo substancial en un ou mais dominios cognitivos, que son suficientes para interferir na independencia e non son atribuíbles a un *delirium* ou

a presencia de outros trastornos mentais. Neste traballo utilizanse os criterios do DSM-IV para o establecemento do diagnóstico diferencial, posto que no momento da realización das avaliaciós e os diagnósticos, os criterios do DSM-V áinda non estaban dispoñibles.

## **2. Avaliación da memoria e aprendizaxe verbal.**

A avaliación da memoria e a aprendizaxe verbal realizaase mediante instrumentos que inclúen textos, listas, ou pares de palabras que se deben recordar. O procedemento é semellante en tódolos casos: o avaliador presenta unha información de xeito verbal, e a persoa debe recordala de xeito inmediato, podendo existir unha única presentación, ou ben varias repeticións que permitan determinar a curva de aprendizaxe. Algúns dos instrumentos tamén avalían o recodo a curto prazo despois de un estímulo de interferencia, así como o recodo a longo prazo e o recoñecemento despois de certo intervalo de tempo.

Entre os instrumentos e probas máis utilizados atópanse os Pares de Palabras e a Memoria Lóxica da batería de memoria da Escala Wechsler de Intelixencia para Adultos (WAIS; Wechsler, 1988). No primeiro caso presentase oralmente en catro ocasións unha lista de 10 pares de palabras. Despois de cada ensaio, o avaliador le a primeira palabra da parella, e o suxeito debe recordar a súa compañeira. Finalmente, despois de un intervalo de 20 ou 30 minutos, avalíase o recodo a longo prazo e o recoñecemento. No caso da Memoria Lóxica, preséntanse oralmente dúas historias, onde a persoa que está sendo avaliada debe recordar o maior número de ideas de xeito inmediato, a longo prazo (despois de 20-30 minutos) e a través do recoñecemento.

Outra fórmula de avaliación da aprendizaxe e memoria verbal consiste en utilizar listas de palabras. Existe un gran número de opcións neste caso, onde o procedemento é similar para todos eles: presentación dunha lista de palabras en varios ensaios, procedendo ao seu recodo de xeito inmediato, demorado, e a través do recoñecemento. Un dos instrumentos máis utilizado é o *California Verbal Learning Test* (CVLT) na súa primeira (Delis, Kramer, Kaplan & Ober, 1987) e segunda edición (CVLT-II; Delis, Kramer, Kaplan & Ober, 2000), pero existen outros como o *Consortium to Establish a Registry for Alzheimer's Disease Word List Memory* (CERAD; Morris et al., 1989), o *Rey Auditory Verbal Learning Test* (RAVLT; Schmidt, 1996) o

*Hopkins Verbal Learning Test* (HVLT; Brandt, 1991) ou test de Lista de Palabras da Escala de Memoria Wechsler-III (Wechsler, 2004).

## **2.1. O *California Verbal Learning Test* (CVLT).**

O CVLT é un instrumento creado por Delis, Kramer, Kaplan, & Ober (1987) nos Estados Unidos baseado en listas de palabras que ofrece información cualitativa e cuantitativa dos diferentes aspectos da aprendizaxe e memoria verbal, destinado a persoas cuxas idades comprendan os 16 e 89 anos. O instrumento consta dunha lista de 16 palabras pertencentes a catro grupos semánticos que deben memorizarse en 5 presentacións orais consecutivas, recordando as palabras inmediatamente despois de cada unha delas. Existe unha lista de interferencia de características similares pero de palabras diferentes que se administra inmediatamente despois do quinto ensaio, que vai seguida do recodo libre e con claves a curto prazo, e do recodo libre e con claves a longo prazo da primeira lista. Finalmente, adminístrase unha proba de recoñecemento das palabras da lista principal.

### **2.1.1. Estrutura interna do CVLT.**

O CVLT-II, a segunda edición do instrumento (Delis et al., 2000), ofrece información sobre a análise factorial exploratoria nas 19 variables utilizando unha mostra estandarizada na que se obtén unha solución de seis compoñentes. O primeiro denominouse Aprendizaxe Verbal Xeral, e está composto por nove variables: Palabras correctamente recordadas no primeiro ensaio da Lista A, Palabras correctamente recordadas no quinto ensaio da Lista A, a Consistencia nos ensaios 1-5 da Lista A, Recodo a Curto Prazo Libre e Con Claves, Recodo a Longo Prazo Libre e Con Claves, e acertos no Recoñecemento. O segundo chamouse Discriminación de Resposta, composto por tres variables: Intrusións no recodo libre, Intrusións no recodo con claves, e Sesgo de resposta. O terceiro nomeouse Estratexias de Organización, composto por dúas variables: Estratexias semánticas e Estratexias seriais. O cuarto compoñente, Efectos de Primacía e Recencia, está composto por dúas variables: Rexión de Primacía e Rexión de Recencia. O quinto compoñente denominouse Eficacia de Aprendizaxe, e abarca dúas variables: total de Perseveracións e Estratexias subxectivas. O sexto e derradeiro compoñente chamouse Taxa

de Adquisición, e está composto por unha única variable: Curva de aprendizaxe entre os ensaios 2 e 5.

Coa finalidade de complementar esta análise factorial exploratoria, Donders (2008a) e DeJong e Donders (2009) avaliaron a estrutura interna do CVLT-II mediante análises factoriais confirmatorias na mostra estandarizada do CVLT-II e noutra mostra de pacientes con dano cerebral adquirido, respectivamente. A finalidade foi examinar a estrutura latente do instrumento utilizando uns análisis que proporcionase maior validez aos resultados, superando certos problemas metodológicos previos, e comprobando así unha estrutura factorial que presenta un maior axuste.

As análises realizáronse sobre 13 das 19 variables do CVLT-II para evitar interdependencia entre as mesmas, e pratearon catro modelos hipotéticos, con un, dous, tres e catro factores respectivamente. Os resultados que obtiveron un mellor axuste con ambas mostras correspondéronse con un modelo de catro factores. O primeiro corresponde coa Amplitude Atencional, composto polas variables Recordo das palabras da Lista A no primeiro ensaio, recodo das palabras da Lista B e palabras da Rexión Media. O segundo corresponde coa Eficiencia de Aprendizaxe, composta polo Recordo das palabras do quinto ensaio da Lista A, a Agrupación Semántica e a Consistencia de recordo nos ensaios 1-5. O terceiro corresponde Memoria Demorada, composta polas variables Recordo Libre e con Claves a Curto Prazo, Recordo Libre e con Claves a Longo Prazo e total de Recoñecemento. A derradeira corresponde co Recordo Incorrecto, composta polas variables total de Intrusións e Falsos Positivos.

## **2.2. O Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense (TAVEC).**

O TAVEC é a adaptación española do CVLT ao idioma e poboación española. Trátase de un instrumento desenvolvido por Benedet e Alejandre (1998) seguindo unha liña de investigación similar a primeira versión do instrumento estadounidense, de forma que se facilita o establecemento de comparacións de resultados entre ambos test. O instrumento consta de dúas listas de 16 palabras cada unha, que pertenecen a catro grupos semánticos. Dúas categorías semánticas son comúns para ambas listas. A lista principal de recordo, ou Lista A, consta de froitas, especias, prendas de vestir e ferramentas, mentres que a lista de interferencia, ou Lista B, consta de froitas, especias, peixes e utensilios de cociña. A estrutura semántica da

tarefa, ao igual que o CVLT, permite que as persoas agrupen as palabras en cada un dos seus grupos, o que facilita a memorización e aprendizaxe.

A administración comézase presentando a Lista A en cinco ocasións consecutivas, pedindo o recodo inmediato en cada unha delas a persoa que está sendo avaliada. A continuación, pásase ao ensaio de interferencia, onde se presenta a Lista B en unha única exposición. Inmediatamente despois, pídense a persoa que recorde todas as palabras pertencentes a Lista A que poida, tanto de xeito libre (sen axuda) como con claves (indicando cada un dos grupos semánticos). Deste xeito rexístrase o recodo a curto prazo con e sen claves semánticas. Seguidamente hai un intervalo de 20 minutos, tras o cal vólvese a pedir a persoa que recorde as palabras da Lista A de xeito libre e con claves, para recordar o recodo a longo prazo con e sen claves. Para finalizar a tarefa, adminístrase unha proba de recoñecemento, onde a persoa debe discriminar as palabras da Lista A de outras de interferencia (ben pertenecentes a Lista B, as mesmas categorías semánticas, foneticamente similares, ou non relacionadas). As variables do TAVEC e os índices recóllense na Táboa 1.

Táboa 1: Nome, acrónimo e significado das variables e índices do *Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense*.

Variable	Acrónimo	Significado
Recordo Inmediato da Lista A-1	RIA-1	Palabras correctamente recordadas na primeira presentación da lista principal.
Recordo Inmediato da Lista A-5	RIA-5	Palabras correctamente recordadas na quinta presentación da lista principal.
Recordo Inmediato total da Lista A	RIAT1-5	Total de palabras correctamente recordadas nas cinco presentaciones da lista principal.
Recordo Inmediato da Lista B	RIB	Palabras correctamente recordadas na lista de interferencia.
Rexión de Primacía		Porcentaxe de palabras recordadas da parte inicial da Lista A
Rexión Media		Porcentaxe de palabras recordadas da parte central da Lista A
Rexión de Recencia		Porcentaxe de palabras recordadas da parte final da Lista A
Recordo Libre a Curto Prazo	RLCP	Palabras correctamente recordadas sen pistas na Lista A tras a lista de interferencia
Recordo con Claves a Curto Prazo	RclCP	Palabras correctamente recordadas da Lista A indicando cada unha das categorías semánticas tras a lista de interferencia
Recordo Libre a Longo Prazo	RLLP	Palabras correctamente recordadas sen pistas da Lista A despois dunha demora de 20 minutos
Recordo con Claves a Longo Prazo	RclLP	Palabras correctamente recordadas da Lista A indicando cada unha das categorías semánticas despois dunha demora de 20 minutos.

Variable	Acrónimo	Significado
Estratexias Seriais Lista A	SerA	Palabras recordadas na mesma orde de presentación no recordo immediato
Estratexias Seriais Lista B	SerB	Palabras recordadas na mesma orde de presentación na lista de interferencia
Estratexias Seriais RLCP	SerRLCP	Palabras recordadas na mesma orde de presentación no RLCP
Estratexias Seriais RLLP	SerRLLP	Palabras recordadas na mesma orde de presentación no RLLP
Estratexias Semánticas Lista A	SemA	Palabras recordadas consecutivamente pertencentes ao mesmo grupo semántico na Lista A.
Estratexias Semánticas Lista B	SemB	Palabras recordadas consecutivamente pertencentes ao mesmo grupo semántico na lista de interferencia
Estratexias Semánticas RLCP	SemRLCP	Palabras recordadas consecutivamente pertencentes ao mesmo grupo semántico no RLCP.
Estratexias Semánticas RLLP	SemRLLP	Palabras recordadas consecutivamente pertencentes ao mesmo grupo semántico no RLLP.
Intrusións no recordo libre		Número total de palabras recordadas erroneamente en todos os ensaios de recordo libre.
Intrusións no recordo con claves		Número total de palabras recordadas erroneamente en todos os ensaios de recordos con claves
Perseveracións		Número total de palabras recordadas dúas ou más veces dentro de un mesmo ensaio.
Recoñecemento		Número de palabras pertenecentes a Lista A correctamente identificadas entre interferentes.
Falsos Positivos	FP	Número de palabras non pertenecentes a Lista A e identificadas erroneamente como pertencentes.
Índice de discriminabilidade do recoñecemento		Porcentaxe de palabras correctamente atribuídas a Lista A fronte aos distractores.
Índice de sesgo de resposta		Tendencia a responder afirmativa ou negativamente no recoñecemento.

### 2.2.1. Estrutura interna do TAVEC

A análise factorial exploratoria realizada polas autoras do instrumento nunha mostra estandarizada resulta nunha estrutura interna con un total de nove factores. O primeiro inclúe todas as variables referentes a aprendizaxe da Lista A e todas as relacionadas coa utilización de estratexias semánticas. O segundo factor está formado polas variables relacionadas coa utilización de estratexias seriais no RLCP e RLLP. O terceiro factor fai referencia aos acertos na tarefa de recoñecemento. O cuarto factor satura nos Índices 4, 5 e 6. O quinto factor está composto

polas variables referidas a Lista B. O sexto factor contén as variables de Rexión de Primacía, Recencia e Media. O séptimo factor inclúe unha única variable, o Índice 7. O oitavo factor fai referencia as Intrusíons e FP. O noveno factor, que é tamén o menos definido, está composta e as Perseveracións con peso negativo.,

Sen embargo, a análise factorial exploratoria utilizado polas autoras debe ser complementada con outras que confirmen a estrutura interna do instrumento, superando algúns dos problemas metodolóxicos xa comentados anteriormente, como a existencia de interdependencia entre algunas variables que poidan derivar en estimacións inestables (Donders, 1999). Por exemplo, existe evidencia de que a proporción de palabras recordadas na Rexión de Primacía está inversamente relacionada coa proporción de palabras recordadas na Rexión de Recencia (Jones, Greer, e Cox, 2011; Scott et al., 2006). Con tal fin, resultan indicadas as análises factoriais confirmatorias. Trátase de unha variante dos modelos de ecuacións estruturais que se basean en modelos teóricos especificados *a priori*. Estes modelos son avaliados medindo o axuste e a parsimonia que mostra cada un deles con respecto aos constructos hipotéticos aos que representan.

Por outra banda, a estrutura factorial do TAVEC debe ser confirmada en mostras clínicas co obxectivo de mellorar a súa validez diagnóstica nos problemas de memoria, tal e como fixeron DeJong e Donders (2009) co CVLT-II. Neste sentido, proponse a realización dunha análise factorial exploratoria en confirmatoria do TAVEC nunha mostra de adultos con queixas subxectivas de memoria (QSM) sen diagnóstico previo de deterioro cognitivo e con DCL. As QSM son un dos criterios centrais de necesario cumprimento para o establecemento de un diagnóstico clínico de DCL (Albert et al. 2011), xunto coas medidas de rendemento obxectivo da memoria, que, neste caso, poden ser obtidas a través do TAVEC como un dos test específicos de memoria e aprendizaxe verbal. Deste xeito establecese como o primeiro obxectivo do presente traballo a realización da análise factorial exploratoria, que se resolve no artigo *Cluster subtypes of the Spanish version of the California Verbal Learning Test in a sample of adults with subjective memory complaints* (Campos-Magdaleno, Facal, Juncos-Rabadán, Braña & Pereiro, 2014; Artigo 1 de aquí en diante), e a realización da análise factorial confirmatoria que se presenta no artigo *Confirmatory factor analysis of the Spanish version of the California Verbal Learning Test in a sample of middle-aged and older adults with subjective memory complaints* (Facal, Campos-Magdaleno, Guàrdia-Olmos & Juncos-Rabadán, 2015; Estudo 2 de aquí en diante).

### **2.2.2. Estabilidade temporal da estrutura factorial do TAVEC.**

Os índices que se basean en factores teñen a vantaxe de que tenden a presentar unha fiabilidade superior e poden representar os patróns de cambio cognitivo de forma máis precisa (Salthouse, 2001). Unha avaliación do cambio no estado cognitivo pode realizarse levando a cabo avaliaciós sucesivas, a través do tempo, utilizando o mesmo test en cada unha delas. Sen embargo, o instrumento debe demonstrar a súa consistencia mediante a minimización da probabilidade de erro para que estas medidas sexan fiables e representen estados cognitivos precisos e reais, e a estabilidade temporal constitúe unha dimensión da confianza destas medidas que se recollen. Deste xeito, cando un instrumento pode determinar que a súa estrutura factorial se mantén a través do tempo, estaría aportando confianza e fiabilidade as medidas que se recollan con el.

O segundo obxectivo deste traballo, consiste en explorar a estabilidade da estrutura factorial do TAVEC nunha avaliación de seguimento un ano e medio despois da avaliación de liña base. Esta cuestión resólvese no Artigo 2 (Facal et al., 2015).

## **3. Os perfís de rendemento na memoria e aprendizaxe verbal dos subtipos de DCL e as agrupacións por conglomerados.**

### **3.1. O rendemento na memoria e aprendizaxe verbal: os marcadores cognitivos de DCL.**

A memoria e a aprendizaxe verbal son aspectos relacionados coa memoria episódica, un dos dominios cognitivos más amplamente estudiados e sensibles a idade (Dixon et al., 2004), e ao DCL. Os instrumentos que utilizan o recordo de listas de palabras xa veñen sendo utilizados dende hai máis dunha década para estudar o rendemento das persoas con DCL e determinar os patróns e perfís de memoria e aprendizaxe verbal, cuxos resultados poden ser utilizados para o diagnóstico e diferenciación das persoas cognitivamente normais ou con EA. Como xa se falou en parágrafos anteriores, o CVLT é un dos instrumentos baseados en listas de palabras más amplamente utilizados para a avaliación da memoria e a aprendizaxe verbal (Woods, Delis, Scott, Kramer & Holdnack, 2006) e ofrece datos sobre recordo inmediato e demorado da información, as curvas de aprendizaxe, o tipo e número de

ertos e, a capacidade de utilización de estratexias de recodo, o recodo de palabras en diferentes rexións da lista, e a capacidade de recoñecemento da información.

Os ensaios de adquisición da información (no caso do TAVEC, as cinco presentacións iniciais) implican recodo ou esquecemento das palabras da lista (Davis et al., 2003) por parte da persoa que está sendo avaliada, compoñendo as denominadas curvas de aprendizaxe. Estas teñen a capacidade de mostrar como se consolida dita información a través das exposicións repetidas aos estímulos. En estudos previos, onde se utilizan instrumentos baseados en listas de palabras para o recodo como forma de medida da ME e aprendizaxe e memoria verbal, observouse como as persoas con DCL mostran curvas de aprendizaxe más lentas e/ou deterioradas, así como menores taxas de adquisición que as persoas con envellecemento normal (Greenaway et al., 2006; Howieson et al., 2011; Perri, Carlesimo, Serra, Caltagirone & The Early Diagnosis Group of the Italian Interdisciplinary Network on Alzheimer's Disease, 2005; Ribeiro, Guerreiro & De Mendonça, 2007), o que tamén se traduce nunha capacidade deteriorada de recodo inmediato. Consecuentemente, o recodo libre posterior desa información tamén se ve afectado, aínda que neste caso os estudos previos difiren en canto a se se trata dunha alteración exclusiva do recodo a longo prazo (Howieson et al., 2011), ou tamén do recodo a curto prazo (Greenaway et al., 2006; Perri et al., 2005). En calquera caso, parece que existe unha taxa de esquecemento acelerado da información (Ribeiro et al., 2007; Perri et al., 2005).

Cando se utilizan listas de palabras para estudar a capacidade de memoria e aprendizaxe existe a posibilidade de estudar os efectos seriais no recodo producidos pola posición das palabras no listado. O efecto de primacía consiste no recodo das palabras da parte inicial da lista, o efecto de recencia no recodo das palabras do final da lista, e o efecto de rexión media o recodo das palabras da parte central da mesma. Os resultados dos estudos previos parecen indicar que as persoas con DCL tenden a recordar unha menor proporción de palabras da Rexión de Primacía (Cunha, Guerreiro, de Mendonça, Oliveira & Santana, 2012; Perri et al., 2005) a favor de unha maior proporción de recodo das palabras da Rexión de Recencia (Greenaway et al., 2006; Howieson et al., 2011). Ademais, hai autores que sinalan esta tendencia como un dos puntos claves para predecir a progresión de DCL a EA, determinada por un deterioro no rendemento da Rexión de Primacía (Egli et al., 2014) máis marcado que na Rexión de Recencia (Cunha et al., 2012).

A utilización de estratexias de memoria tamén é un aspecto que pode ser explorado cando se utiliza a metodoloxía do recordo de listas de palabras. Neste caso, contémplase a existencia de dous tipos de estratexias obxectivamente medibles: as Seriais e as Semánticas. As primeiras considéranse pasivas e ineficientes, e consisten no recordo das palabras segundo a mesma orde de presentación; mentres que as segundas son máis efectivas e complexas, e consisten na reagrupación mental das palabras en función da categoría semántica a que pertencen (Price et al., 2010). Parece existir un amplio consenso na comunidade científica onde as persoas con DCL tenden a mostrar unha capacidade deteriorada, en comparación cos controis cognitivamente sans, para codificar de forma espontánea as palabras da lista en función da súa categoría para facilitar o recordo (Price et al., 2010), o que se traduce na utilización dun menor número de Estratexias Semánticas (formas efectivas de recordo) (Hutchens et al., 2012; Perri et al., 2005; Ribeiro et al., 2007). Sen embargo, tanto nas persoas con DCL como nas cognitivamente normais parece que existe a utilización dun número equivalente de Estratexias Seriais (pouco efectivas para o recordo) (Hutchens et al., 2012).

As tarefas de recoñecemento e a contabilización do número e tipo de erros son índices que non están recollidos en todos os instrumentos baseados en listas de palabras, pero si pode ser explorado a través do CVLT e as súas diferentes versións (incluída a Española, o TAVEC). O recoñecemento consiste na presentación dos ítems da lista de palabras principal xunto con outros estímulos de interferencia, onde os participantes deben discriminar cales pertencen a lista e cales non. Parece que as persoas con DCL mostran maiores dificultades neste caso, aumentando o número de Falsos Positivos (afirmar que unha palabra pertence a lista orixinal de xeito errado) e de omisións (negar que unha palabra pertence a lista orixinal de xeito errado) (Greenaway et al., 2006; Perri et al., 2005; Ribeiro et al., 2007). Outro tipo de erro son as Intrusións, consistentes en introducir unha palabra errónea como pertencente a lista obxectivo. Son más habituais nas persoas con DCL que nas cognitivamente normais (Perri e tal., 2005; Ribeiro et al., 2007), independentemente da modalidade do recordo (inmediato, a curto e a longo prazo).

En resumo, parece que as persoas con DCL teñen dificultades na adquisición e aprendizaxe das palabras (Cunha et al., 2012; Perri et al., 2005; Ribeiro et al., 2007), o que se traduce en unha redución da curva de aprendizaxe (Greenaway et al., 2006), así como unha maior taxa de esquecemento (Perri et al., 2005; Ribeiro et al., 2007), maior número de errores (Greenaway et al., 2006; Ribeiro et al., 2007) e

unha menor capacidade para utilizar Estratexias Semánticas (Hutchens et al., 2012; Perri et al., 2005; Ribeiro, et al., 2007). Sen embargo, a maioría dos patróns de rendemento extraídos destas investigacións previas correspóndense con mostras onde se utilizan unicamente participantes con DCL amnésico, sen especificar se se trata de persoas cuxo único dominio afectado é a memoria (unidominio amnésico) ou existe deterioro tamén en outros dominios cognitivos (multidominio amnésico). Tampouco teñen en conta aqueles casos nos que o DCL se produce pola afectación dun único (unidominio) ou varios (multidominio) dominios cognitivos diferentes da memoria, que se atopan recollidos nas versións más recentes dos criterios para o diagnóstico de DCL (Albert et al., 2011; Winblad et al., 2004), e dos que xa se referiu Petersen na súa primeira revisión (Petersen, 2001). Demóstrase, deste xeito, a necesidade de abrir unha nova liña de investigación que profundice nas diferencias do rendemento en cada un dos subtipos de persoas con DCL, coa finalidade de determinar patróns identificativos que sirvan para mellorar o establecemento de diagnósticos precoces. Con tal fin, proponse o terceiro obxectivo do presente traballo, que radica en examinar os diferentes patróns de memoria e aprendizaxe verbal utilizando o TAVEC en tres subgrupos clínicos de persoas con DCL: unidominio amnésico (DCLua), multidominio amnésico (DCLma) e multidominio non amnésico (DCLmna). Este obxectivo abórdase e deféndese no artigo *Learning and serial effects on verbal memory in mild cognitive impairment* (Campos-Magdaleno, Díaz-Bóveda, Juncos-Rabadán, Facal & Pereiro, 2016), denominado Artigo 3 de aquí en diante.

### **3.2. As agrupacións por conglomerados segundo o rendemento no DCL.**

Os conglomerados son agrupacións ou conjuntos de membros que pertencen a unha mostra. Cando se realizan análises con esta metodoloxía, búscase maximizar as similitudes e minimizar as diferenzas entre os individuos que pertencen a cada agrupación. Cando se trata de instrumentos como o TAVEC, os conglomerados de individuos realizañase a partir das similitudes no rendemento nas diferentes variables, relacionadas coa capacidade de amplitude atencional, adquisición da información, recordo, utilización espontánea e aproveitamento de estratexias de recordo, reconecemento, do número e tipo de errores, etc. Para isto, analízase as puntuacións das variables na mostra e agrúpanse aos individuos en función das mesmas. Isto supón un xeito independente e paralelo à clasificación a través de criterios clí-

nicos, que consideran únicamente a comparación do rendemento dos pacientes co rendemento de grupos de referencia normativos equiparados en idade e nivel educativo para o establecemento do deterioro en diferentes dominios cognitivos. Coñecer os subtipos de rendemento que se obteñen a través dos conglomerados no TAVEC poden mellorar a precisión diagnóstica nas avaliacións clínicas, debido a que poden proporcionar unha base para determinar cando un perfil individual está fora do que se considera normal (Donders, 2008b).

Na pasada década Donders (2008b) e DeJong e Donders (2010) analizaron os subtipos de aprendizaxe e memoria no CVLT-II nunha mostra estandarizada con persoas de nacionalidade norteamericana con idades comprendidas entre os 16 e 89 anos, e noutra mostra de persoas con dano cerebral adquirido. Para isto, incluíron a variable representativa (a que obtivo a maior carga) de cada un dos catro constructos latentes obtidos a partir da análise factorial confirmatoria realizada polos mesmos autores exposta previamente (Donders, 2008a; DeJong e Donders, 2009). En ambos casos obtivéronse seis subtipos relativamente consistentes entre as mostras. O primeiro subtipo presenta un “inicio lento” no recordo, e unha capacidade baixa de amplitude atencional no primeiro intento (RIA-1) pero con unha mellora gradual a medida que se producen as sucesivas presentacións da Lista A (eficacia da aprendizaxe), e sen un número alto de errores. O segundo, presenta un patrón oposto, con unha capacidade ampla de amplitude atencional en RIA-1, pero con un peor rendemento a longo prazo (RLLP) e con unha alta cantidade de errores. Outros dous subtipos presentaban un rendemento por debaixo da media en amplitude atencional, en eficacia da aprendizaxe e recordo a longo prazo (RLLP), pero diferían na cantidade de errores. Os dous subtipos restantes diferían globalmente no nivel de rendemento en todas as variables: un por encima da media e outro por debaixo.

En canto a adquisición da información a través dos ensaios, medida polas curvas de aprendizaxe, detéctase que ambos grupos DCL amnésico estancan o crecemento da mesma a partires da segunda repetición. É dicir, son capaces de recordar correctamente un maior número de palabras na segunda repetición que na primeira, pero recordan un número equivalente de palabras a partires de ese momento nas seguintes repeticións. Sen embargo, o grupo DCLmna ten preservada a capacidade de mellorar a aprendizaxe progresivamente dende o primeiro ensaio, obtendo na derradeira repetición un rendemento significativamente maior a todos os anteriores, e equivalente co obtido polas persoas pertencentes ao grupo control. Estes resultados apoian aos obtidos previamente polo grupo de traballo de Greenaway (Greenaway et al., 2006), onde analizan as curvas de aprendizaxe de persoas con DCL amnésico, sen especificación de grupo, obtendo perfís de rendemento similares. Os datos presentados neste traballo constitúen unha aproximación comparativa novedosa, onde se analizan as curvas de aprendizaxe de diferentes subgrupos de DCL e permítense apoiar a idea de que as diferencias na capacidade de aprendizaxe de nova información débese a problemas relacionados exclusivamente coa memoria, e non ao deterioro doutros dominios cognitivos diferentes. Ademais, o deterioro de outros dominios cognitivos distintos da memoria non determina o rendemento nas curvas de aprendizaxe.

En canto aos efectos seriais, o Artigo 3 propón e utiliza unha nova fórmula de cómputo para obter un índice das palabras recordadas de cada rexión da lista,

que se corresponden coas variables Rexión de Primacía, Rexión Media e Rexión de Recencia. Este novo cómputo, denominado Puntuacións Rexionais Corrixidas, permite superar algúns dos problemas metodolóxicos das puntuacións estandardizadas e das puntuacións rexionais, tendo en conta no cálculo o número total de palabras recordadas por cada persoa, o número de palabras recordadas en cada unha das rexións da lista en cada persoa, e a diferencia no número de palabras pertencentes a cada rexión. Aplicando este novo cómputo, as análises mostran que o patrón serial xeral en U mantense para os tres grupos de DCL, indicando que os participantes con DCL recordan máis palabras nas Rexions de Primacia e Recencia que na Rexión Media, tal como se observa tamén na poboación sen deterioro cognitivo (Capitani, Sala, Logiel & Spinnlerl, 1992; Scott et al., 2006). Non obstante, esta distribución asintótica non foi igual para todos os grupos, o que pode considerarse que as diferenzas e irregularidades na distribución serial constitúe unha aportación importante do presente traballo. Os participantes do grupo de persoas sen deterioro cognitivo recordaban máis palabras do principio que do final da lista. Estes resultados son diferentes dos obtidos por outros investigadores que non atoparon diferencias entre as Rexións de Primacia e Recencia, ou mostraron un maior efecto de Recencia neste grupo (Bennett et al., 2006; Cunha et al., 2012; Howieson et al., 2011; Jones et al., 2011). No Artigo 3 suxírese que o maior número de palabras recordadas na Rexión de Primacía nos participantes sen deterioro pode estar favorecido pola repetición e a similitude semántica dos ítems, que incrementa a enumeración e repaso (*rehearsal*) da primeira parte da lista. Con respecto aos subtipos de DCL, os dous grupos amnésicos presentaron maior recordo das palabras da Rexión de Recencia e un menor recordo de palabras da Rexión de Primacía que o grupo sen deterioro cognitivo e o grupo non amnésico. A súa vez, dentro dos amnésicos, foi o multidominio o que presentou un menor recordo das palabras da Rexión de Primacía. O feito de recordar máis palabras da Rexión de Recencia e menos palabras da Rexión de Primacía é un patrón común das persoas con EA (sexa moderada, leve, ou moi leve; Bayley et al., 2000; Burkart, Heun & Benkert, 1998; Capitani et al., 1992; Jones et al., 2011; Orru et al., 2009; Scott et al., 2006) e dos grupos con máis deterioro analizados en estudos previos (DCLma no caso de Howesision et al., 2011; e DCLua no caso de Cunha et al., 2012). Polo tanto a medida que aumenta o nivel de deterioro, a tendencia é a recordar menos palabras do principio e máis do final da lista. Tendo en conta que na mostra utilizada o grupo

DCLma é o que presenta alteración en un maior número de dominios cognitivos, os resultados obtidos apoian esta tendencia.

Os grupos amnésicos recordan un menor número de palabras da Rexión Media que os non amnésicos e o grupo de participantes cognitivamente normais, indicando que a enumeración e repaso (*rehearsal*) e os procesos asociativos decaen máis nos amnésicos a medida que a posición se afasta do principio da lista. Esta interpretación é consiste coa de Donders (2008a), quen sinalou que a Rexión Media reflicte a habilidade para reter información en memoria de traballo máis alá das primeiras ou últimas palabras presentadas. Para facer un primeiro estudo sobre a relación entre efectos seriais e memoria de traballo, no Artigo 3 analizouse a correlación entre Rexión Media, Rexión de Recencia e as puntuacións na tarefa de *Counting Span* que mide procesamento simultáneo e almacenaxe da información implicados na memoria de traballo (Daneman & Carpenter, 1980). As correlacións co *Counting Span*, positiva coa Rexión Media e negativa coa Rexión de Recencia, áinda que son baixas permiten indicar, coa debida cautela, que o maior incremento da activación das palabras finais da lista pode producirse cando a capacidade de memoria de traballo se reduce. Sería precisa, sen embargo, unha maior investigación para confirmar estes primeiros resultados.

Polo tanto, a través do Artigo 3 identícanse tres patróns diferenciais de rendemento en distintos grupos DCL: o DCLma é o más deteriorado, que presenta o menor recordo de palabras, máis esquecementos, estancamiento da curva de aprendizaxe, menor número de palabras recordadas na Rexión Media, maior número de palabras recordadas na Rexión de Recencia, menor número de palabras recordadas na Rexión de Primacía, e o maior número de Intrusións. O DCLua mostra un rendemento similar, pero caracterizado por un deterioro menos evidente en algúns índices, presentando menor recordo de palabras, máis esquecementos, estancamiento da curva de aprendizaxe, menor número de palabras recordadas na Rexión Media, maior número de palabras recordadas na Rexión de Recencia, maior número de palabras recordadas na Rexión de Primacía e número intermedio de Intrusións. Finalmente, o grupo DCLmna é o que presenta un perfil de rendemento más conservado e más similar ao grupo de participantes cognitivamente normais, caracterizado polo maior recordo de palabras, menor número de esquecementos, aumento continuado na curva de aprendizaxe, maior número de palabras recordadas na Rexión Media, menor número de palabras recordadas na Rexión de Recencia, maior número de palabras recordadas na Rexión de Primacía e menor número de

Intrusións. Con estes resultados podemos aceptar o cumprimento da hipótese terceira, onde se predí que os patróns de memoria e aprendizaxe verbal son diferentes en cada grupo de persoas con DCL debido a presencia e/ou ausencia de déficits en dominios cognitivos diferentes da memoria. Estes perfís supoñen un avance con respecto ao estudos que analizan as diferenzas de recordo serial utilizando grupos xerais de DCL sen especificación de subgrupos, a través dos cales só se extraen conclusións xerais como as referentes ao recordo no grupo de DCL dunha maior proporción de palabras da Rexión de Recencia (Cunha et al., 2012; Greenaway et al., 2006) ou a un menor recordo das palabras da Rexión de Primacía (Cunha et al., 2012; Howieson et al., 2011; Perri et al., 2005). Ademais, o novo índice de Puntuacións Rexionais Corrixidas permite obter información máis fiable sobre a proporción de palabras recordadas en cada rexión da lista individualmente para cada persoa.

### **3. Agrupación por conglomerados e a súa utilidade para clasificar o DCL: Obxectivos 4 e 5.**

Se no punto anterior falábamos dos perfís de rendemento das persoas en función do seu diagnóstico a través de criterios clínicos, a hora de obter os conglomerados de rendemento as persoas pódense agrupar, independentemente do diagnóstico, en función das similitudes e diferenzas que presentan nas diferentes variables. No Artigo 1, na mostra total de persoas con QSM obtéñense catro conglomerados. O primeiro, Subtipo 1, indica un mellor recordo, maior utilización de Estratexias Semánticas e menor número de errores. Tamén é o grupo composto polos participantes de menor idade, nivel educativo máis alto, maior frecuencia de lectura semanal, maior proporción de mulleres, mellores puntuacións no rendemento cognitivo xeral e en memoria lóxica, maior nivel de vocabulario, e coas QSM máis baixas. O Subtipo 4 mostra un patrón completamente oposto, tanto no rendemento das variables do TAVEC como nas sociodemográficas. Este subtipo é o que utiliza un menor número de Estratexias Semánticas de recordo e un recordo maior do número de palabras na Rexión de Recencia, fenómenos previamente documentados en persoas con deterioro cognitivo (Belleville et al., 2008; Cunha et al., 2012; Greenaway et al., 2006; Ribeiro et al., 2007; e no Estudo 3 do presente traballo). Todo isto parece indicar que o Subtipo 4 se corresponda coas persoas con deterioro cognitivo, e o Subtipo 1 coas persoas cognitivamente normais. Existen outros dous

subtipos, o 2 e o 3, que presentan un rendemento intermedio con respecto aos Subtipos 1 e 4. O Subtipo 2 correspón dese con puntuacións de rendemento na memoria e aprendizaxe verbal por encima da media e por debaixo do Subtipo 1 tanto nas medidas do TAVEC como nas de rendemento cognitivo xeral [Mini-Examen Cognoscitivo (Lobo et al., 1999) e CAMCOG (Roth, Huppert, Mountjoy, & Tym, 2003)], e o Subtipo 3 por debaixo da media pero por encima do Subtipo 4. A media de idade dos Subtipos 2 e 3 tamén foron intermedias con respecto aos Subgrupos 1 e 4, e non diferiron significativamente entre ambos en canto ao nivel educativo e ao número de QSM. As persoas destes subtipos probablemente se atopen en distintos grados de afectación no contíñum existente entre o rendemento cognitivamente normal, o DCL e a EA.

Merecen especial atención os resultados que indican a existencia de diferencias significativas entre os Subtipos en canto a hábitos de lectura e vocabulario. Os Subtipos de maior rendemento cognitivo xeral e mellor rendemento no TAVEC están caracterizados por unha maior frecuencia de lectura. No Subtipo 1 os participantes mostraron unha frecuencia de lectura diaria, e nos Subtipo 2 unha frecuencia de dúas veces a semana; mentres que os participantes do Subtipo 3 indicaron unha ausencia no hábito de lectura. O nivel de vocabulario dos participantes dos Subtipos con peor rendemento (3 e 4) foi significativamente menor que o dos participantes dos Subtipos 1 e 2. Ambos índices, hábitos de lectura e nivel de vocabulario, son considerados indicadores de reserva cognitiva (Stern, 2009), e poden activar procesos compensatorios que axudan a manter ou mellorar o rendemento cognitivo. Os resultados do Artigo 1 apoian o efecto positivo da reserva cognitiva no rendemento, medida a través dos anos de educación, hábitos de lectura e nivel de vocabulario (Lojo-Seoane, Facal, & Juncos-Rabadán, 2012; Lojo-Seoane, Facal, Guàrdia-Olmos & Juncos-Rabadán, 2014; Mitchell, Shaughnessy, Shirk, Yang, & Atril, 2012 ; Siedlecki et al., 2009 ).

A análise de conglomerados tamén se realizou coas dúas partes da mostra por separado: coas persoas con QSM e rendemento cognitivo normal por un lado, e coas persoas con QSM e diagnóstico de DCL por outro. No grupo de persoas cognitivamente normais obtivéronse 3 Subtipos, dous deles extremos e un deles intermedio no rendemento nas variables de memoria e aprendizaxe. As puntuacións do subtipo con peor rendemento, o Subtipo 3, atopáronse en torno as 0.50 desviacións típicas por debaixo da media, é dicir, sen acadar as 1.5 desviacións típicas suxeridas para o establecemento do diagnóstico de DCL. Os tres Subtipos diferiron en idade,

rendemento cognitivo xeral e nivel educativo, pero non en QSM. Isto indica a existencia de tres niveis de rendemento dentro do grupo de persoas cognitivamente normais.

Cando se realiza a análise de conglomerados unicamente coa submostra de persoas con DCL, obtéñense dous subtipos de rendemento. O Subtipo 2 mostra maior número de errores, menor número de palabras recordadas na Rexión Media, maior número de palabras recordadas na Rexión de Recencia que o Subtipo 1. Tamén se corresponde coas persoas de maior idade e cos que mostran menores puntuacións no rendemento cognitivo xeral. Sen embargo, non existen diferenzas significativas no número de QSM entre ambos. Polo tanto o Subtipo 2 constitúe o conglomerado que inclúe aos participantes más deteriorados, con un rendemento nas variables do TAVEC que mostran un perfil similar ao obtido polas persoas con DCL multidominio amnésico no Artigo 3, que tamén se corresponde co maior grao de deterioro.

Estes resultados amplían os proporcionados por Donders (2008b) e DeJong e Donders (2009), que aínda que son congruentes cos obtidos no presente traballo en canto a existencia de subtipos de rendemento opostos e similares nalgúns casos, os conglomerados extraéreronse para a mostra de estandarización composta por persoas de entre 16 e 89 anos, e para unha mostra con dano cerebral, respectivamente. A utilización dunha mostra de adultos maiores de 50 anos con QSM para a extracción de conglomerados implica a obtención de unha base comparativa alternativa para determinar se unha puntuación individual se corresponde co esperable dende o punto de vista da normalidade, específica para as persoas en risco de padecer DCL (en canto a idade e presenza de queixas de memoria). Polo tanto, pódese confirmar a hipótese cuarta, segundo a cal existen diferentes conglomerados en función do rendemento na aprendizaxe e memoria verbal, que se diferencia nas variables de idade, QSM, estado cognitivo xeral obxectivo e reserva cognitiva. A presenza de QSM xoga un papel especialmente relevante tendo en conta que permite diferenciar entre o Subtipo 1 (de mellor rendemento) e o Subtipo 4 (de peor rendemento) na mostra total de participantes con QSM; pero non entre os subtipos da submostra de participantes cognitivamente normais nin na submostra de participantes con DCL. Isto parece suxerir que este índice constitúe un criterio importante capaz de diferenciar entre as persoas que seguen un envellecemento normal do patolóxico, xustificando a súa presenza como un criterio de necesario cumprimento para o establecemento do diagnóstico de DCL mediante criterios clínicos.

A utilización de conglomerados de persoas en función das similitudes do rendemento nun amplo número de medidas cognitivas constitúe o punto central dos diagnósticos baseados en criterios empíricos, e neste caso, posto que os conglomerados obtivéronse para unha mostra xeral independentemente do diagnóstico das persoas que o componen, o Artigo 4 trata de determinar se estes conglomerados de rendemento se corresponden coas persoas clasificadas como cognitivamente normais ou con DCL amnésico segundo os criterios empíricos. Neste artigo realizarónse análises de Táboas de Continxencia para determinar como se distribuían os participantes en cada un dos catro subtipos identificados no primeiro traballo de conglomerados (Artigo 1, Campos-Magdaleno et al., 2014). Tendo en conta esta distribución, decidiuse combinar os Subtipos 1 e 2 nun único conglomerado, e os Subtipos 3 e 4 noutro conglomerado. Aplicouse a análise de regresión loxística multivariada para avaliar o valor predictivo dos dous conglomerados para discriminar entre os participantes cognitivamente normais e os participantes con DCL amnésico. Os resultados mostran como, efectivamente, unha maioría significativa de persoas clasificadas como cognitivamente normais se concentra no Subtipo 1 dos conglomerados, mentres que as persoas clasificadas con DCL amnésico se concentran exclusivamente no Subtipo 2, apoianto a idea de que os dous primeiros conglomerados obtidos no Artigo 1 se corresponden con un rendemento cognitivo normal, e os dous últimos con un rendemento cognitivo patolóxico. Este procedemento empírico baseado na análise de conglomerados identificou as persoas con DCL amnésico diagnosticadas cos criterios clínicos estándar (Albert et al., 2011) con unha sensibilidade do 98%. As puntuacións Z das persoas con DCL amnésico (Subtipo 2) atopáronse en torno a 1.5 desviacións típicas por debaixo da media, o que se corresponden co típico rango de 1 a 1.5 proposto para o diagnóstico clínico do DCL (Albert et al., 2011). Sen embargo, as análises únicamente clasificaron no Subtipo 1 ao 73.4% (especificidade) das persoas cognitivamente normais. O 26.6% das persoas cognitivamente normais restantes atopáronse incluídas no mesmo conglomerado que as persoas con DCL amnésico (Subtipo 2), obtendo unha puntuación de aproximadamente 0.5 DT por debaixo da media nas variables de memoria (recordo inmediato, a curto e a longo prazo) sen cumplir o criterio clínico do 1.5 desviacións típicas, e polo tanto resultado ser falsos positivos. O perfil de rendemento deste 26.6% está caracterizado por un menor recordo, menor utilización de estratexias semánticas e maior número de errores, áinda que en menor grao de afectación que o das persoas con DCL amnésico. É probable que se trate

dun grupo de persoas próximas a desenvolver deterioro cognitivo, seguindo o contínuum hipotético de evolución entre o envellecemento normal e patolóxico. Se seguimos os perfís de rendemento obtidos no Artigo 3, áinda que as variables de análise non son exactamente as mesmas, probablemente a evolución sexa cara un grupo DCL unidominio amnésico, onde se atopa unha proporción intermedia no número de errores de intrusión entre as persoas cognitivamente normais e as que presentan un maior deterioro (DCL multidominio amnésico). Isto apoiaría, ademais, a proposta do grupo de traballo de Libon et al. (2010) de que a utilización de conglomerados para o establecemento de diagnósticos empíricos permitiría detectar mellor os estados prodrómicos de deterioro cognitivo. Queda aceptada, polo tanto, a hipótese quinta, a través da cal os conglomerados obtidos en función do rendemento na aprendizaxe e memoria verbal permiten clasificar as persoas DCL de forma satisfactoria. Se embargo, os resultados do Artigo 4 indican que áinda que a análise de conglomerados baseados en patróns de rendemento en diferentes medidas do TAVEC é un procedemento sensible (Clark et al., 2013), debe ser complementado con criterios clínicos para previr falsos positivos.

#### **4. Cambios que se producen na memoria e aprendizaxe verbal nunha avaliación de seguimento: Obxectivo 6.**

As avaliación lonxitudinais permiten determinar o curso evolutivo do deterioro, e comprobar se as persoas permanecen estables dentro do DCL no rendemento da memoria, se progresan a algúns tipos de demencia, ou se remite o deterioro e volven a niveis previos de rendemento normal. Sen embargo, é importante diferenciar os resultados clinicamente significativos dos que se deben ao efecto da práctica, para poder describir cambios cognitivos reais. Cando se comparan os datos obtidos na avaliación de liña base coa de seguimento na presente mostra nas variables do TAVEC, os resultados indican que tanto as persoas cognitivamente normais como as que presentan DCL amnésico (DCLua e DCLma) aumentan as puntuacións nas variables de recordo, revelando a presenza do efecto da práctica nos tres grupos analizados. Sen embargo, a mellora no número total de palabras recordadas nos cinco ensaios de Recordo Inmediato e no Recordo Libre a Longo Prazo so foi sig-

<sup>1</sup>Corresponding author: Campos-Magdaleno, María. Department of Developmental and Educational Psychology, University of Santiago de Compostela, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela, Spain. Phone: +34 881813908, Fax: +34 881813900, e-mail: maria.campos@usc.es

<sup>2</sup> Department of Developmental and Educational Psychology, University of Santiago de Compostela, Spain.

nificativa para o grupo de persoas cognitivamente normais, indicando a ausencia do efecto da práctica dos grupos con DCL amnésico nas variables con maior demanda de memoria. Aínda que pode parecer contraditorio que as persoas con DCL poidan beneficiarse da exposición ao mesmo instrumento un ano e medio antes, o certo é que este efecto xa foi documentado previamente en persoas con deterioro cognitivo, incluso con demencia, e en persoas con idades de máis de 90 anos (Balasubramanian, 2012; Calamia et al., 2012; Machulda et al., 2013; Woods et al., 2006). Os resultados do Artigo 5 indican que os datos teñen unha maior variabilidade nos grupos con DCL amnésico, presentando maiores intervalos de confianza que os participantes cognitivamente normais. Este incremento da variabilidade nas puntuacións de cambio nos participantes con DCL amnésico é consistente coa noción de inestabilidade do DCL como entidade diagnóstica (Facal et al., 2014).

Aínda que os efectos da práctica son evidentes para os grupos con DCL amnésico, non está claro se os cambios positivos representan cambios clinicamente significativos. Para determinar esta cuestión, realizáronse análises de Regresión Estandarizada, que permiten calcular a puntuación de cambio estandarizada e clasificar a cada participante como estable, con mellora ou con empeoramento no rendemento. Extraéronse tamén as variables que modulan o cambio na avaliación de seguimento. Parece que as puntuacións obtidas na avaliación de liña base é o principal predictor do rendemento na avaliación de seguimento. En canto as variables primarias de recordo, o grupo DCLua é o que presenta unha maior proporción de individuos que empeora o rendemento nesas variables, comparado co grupo cognitivamente normal, que se mantén como o más estable. Por outra banda, existe unha maior proporción de persoas con DCL amnésico, sobre todo no grupo DCLma, que aumenta significativamente a proporción de erros na avaliación de seguimento en comparación coas persoas cognitivamente normais. Estes resultados resultan congruentes cos perfís de rendemento obtidos no Artigo 3 e cos resultados presentados por Greenawat et al. (2006), onde as persoas con DCL amnésico mostran unha menor capacidade de recordo e unha maior taxa de esquecementos. Ademais, aportan evidencias sobre a evolución dos perfís de rendemento dos diferentes subgrupos de DCL, onde parece que as persoas con DCL unidominio amnésico tenden a presentar unha maior tendencia ao esquecemento das palabras e as persoas con DCL multidominio amnésico tenden a cometer un maior número de erros, seguindo a dicotomía da estructura interna do TAVEC baseada nos factores de Eficacia da Memoria e Inexactitude da Memoria.

Se retomamos os resultados obtidos no Artigo 4 con respecto a sensibilidade e especificidade dos conglomerados para clasificar as persoas con DCL e cognitivamente normais, nas cales a cuarta parte de persoas con rendemento normal aparecían no mesmo conglomerado que as persoas con DCL, agora atopámonos que nas análises de seguimento as persoas que non mostran deterioro cognitivo son as que tenden a mostrarse más estables nas variables de recordo. Polo tanto, parece que a tendencia evolutiva das capacidades a deteriorarse co paso do tempo prodúcese dun xeito máis lento nas persoas cognitivamente normais, requirindo de intervalos máis amplos para detectar cambios significativos. Deste xeito, habería que realizar avaliaciós de seguimento con intervalos máis amplos para determinar se, efectivamente, esta porcentaxe de persoas con queixas subxectivas de memoria pero cognitivamente normais evolucionan o non a DCL.

En canto as variables de proceso, a Rexión Media é a única variable onde aparecen diferencias significativas entre os grupos, onde ambos grupos con DCL amnésico muestran unha maior proporción de persoas que empeoran o rendemento. No caso da Rexión de Recencia, non existen diferencias significativas entre os grupos. Tal e como se observaba no Artigo 3, as persoas con DCL amnésico presentaban un menor recordo das palabras da Rexión Media e un maior recordo das palabras da Rexión de Recencia. Por isto, será importante o estudo dos cambios seriais no seguimento lonxitudinal en períodos máis longos e nas transicións dende o DCL a demencia, tendo en conta que o incremento do recordo na Rexión de Recencia é un patrón común das persoas con EA (sexa moderada, leve, ou moi leve; Bayley et al., 2000; Burkart et al., 1998; Capitani et al., 1992; Jones et al., 2011; Orru et al., 2009; Scott et al., 2006) e dos grupos de DCL con maior deterioro (DCLma) analizados en estudos previos (Howesion et al., 2011).

Pódese confirmar, pois, o cumprimento da hipótese sexta, onde existen evidencias da presenza do efecto da práctica e de cambios significativos na avaliación de seguimento. Os cambios significativos no rendemento na avaliación de seguimento que se producen cando se controlan os efectos da práctica indican que as persoas con DCL amnésico tenden a declinar o rendemento no Recordo a Curto e Longo Prazo nunha maior proporción de persoas. Estes resultados aportan evidencias que apoian a existencia de un contínuum entre o envellecemento normal, o DCL e a EA, onde a tendencia xeral das persoas con DCL é a mostrar un maior deterioro representado polo declive na memoria, e non a remisión diagnóstica.



## V. CONCLUSIÓNS

En definitiva, a partir dos datos obtidos nos artigos previamente presentados e discutidos, pódense extraer as seguintes conclusións:

- a) O TAVEC é un instrumento robusto que permite cuantificar a memoria e aprendizaxe verbal en deseños transversais e lonxitudinais a través das medidas relacionadas cos errores e cos acertos, especialmente para persoas maiores de 50 anos con QSM.
- b) Existen diferentes patróns de rendemento na memoria e aprendizaxe verbal nos subtipos de DCL analizados, onde a afectación da memoria determina, en liñas xerais, un peor rendemento nas variables do instrumento, máis importante cando o número de dominios afectados é maior.
- c) O rendemento das persoas con DCLmna é similar ao do grupo control, mentres que as persoas con DCL amnésico tenden a mostrar unha curva deteriorada de aprendizaxe, a recordar un menor número de palabras, a cometer mais errores e a recordar unha proporción menor de recodo das palabras da Rexión de Primacía a favor da Rexión de Recencia. Concretamente, o grupo DCLma, que presenta unha maior afectación cognitiva e con un número significativamente maior de Intrusións, sexa probablemente o más próximo a EA.
- d) As queixas subxectivas de memoria, ademais das puntuacións nas variables do TAVEC, son importantes índices capaces de diferenciar os conglomerados de persoas con un mellor e peor rendemento na memoria e aprendizaxe verbal.
- e) A utilización de conglomerados para realizar diagnósticos empíricos resultou ser unha ferramenta útil a hora de identificar a persoas con DCL, pero menos específica a hora de identificar correctamente as persoas cognitivamente normais.

- f) As persoas con diagnóstico de DCL son capaces de beneficiarse da presentación repetida a un mesmo instrumento, aínda que a avaliación de seguimento se produza un ano e medio despois.
- g) Os cambios clinicamente significativos na segunda avaliación confirman os perfís de rendemento obtidos previamente, onde hai unha maior proporción de persoas de ambos grupos de DCL amnésico que tenden a deteriorar a capacidade de recordo, sendo as persoas do grupo DCLua as que tenden a mostrar máis esquecementos, e as do DCLma máis errores.



## VI. BIBLIOGRAFÍA

- Albert, M. S., DeKosky, S. T., Dickson, D., Dubois, B., Feldman, H. H., Fox, N. C., ... Phelps, C. H. (2011). The diagnosis of mild cognitive impairment due to Alzheimer's disease: Recommendations from the National Institute of Aging-Alzheimer's Association workgroups on diagnostic guidelines for Alzheimer's disease. *Alzheimer's & Dementia*, 7(3), 270-279. doi:10.1016/j.jalz.2011.03.008
- American Psychiatric Association. (1994). *Diagnostic and statistical manual of mental disorders* (4th ed.). Washington, DC: Author.
- American Psychiatric Association. (2014). *Diagnostic and statistical manual of mental disorders* (fifth edition). Washington, DC: Author.
- Balasubramanian, A. B., Kawas, C. H., Peltz, C. B., Brookmeyer, R., & Corrada, M. M. (2012). Alzheimer disease pathology and longitudinal cognitive performance in the oldest-old with no dementia. *Neurology*, 79(9), 915-921. doi: 10.1212/WNL.0b013e318266fc77
- Bayley, P. J., Salmon, D. P., Bondi, M. W., Bui, B. K., Olichney, J., Delis, D. C., ... Thal, L. J. (2000). Comparison of the serial position effect in very mild Alzheimer's disease, mild Alzheimer's disease, and amnesia associated with electroconvulsive therapy. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 6, 290-298. doi:10.1017/S1355617700633040
- Benedet, M. J. & Alejandre, M. A. (1998). TAVEC: Test de Aprendizaje Verbal de España-Complutense. Madrid: TEA Ediciones.
- Belleville, S., Sylvain-Roy, S., Boysson, C. & Ménard, M. C. (2008). Characterizing the memory changes in persons with mild cognitive impairment. *Progress in Brain Research*, 169, 365-375. doi: 10.1016/S0079-6123(07)00023-4.

Brandt, J. (1991). The Hopkins Verbal Learning Test: Development of a new memory test with six equivalent forms. *Clinical Neuropsychologist*, 5(2), 125-142. <http://dx.doi.org/10.1080/13854049108403297>

Burkart, M., Heun, R., & Benkert, O. (1998). Serial position effects in dementia of the Alzheimer type. *Dementia and Geriatric Cognitive Disorders*, 9, 130-136. doi:10.1159/000017036

Calamia, M., Markon, K., & Tranel, D. (2012). Scoring higher the second time around: Meta-analyses of practice effects in neuropsychological assessment. *The Clinical Neuropsychologist*, 26, 543-570. doi: 10.1080/13854046.2012.680913

Campos-Magdaleno, M., Díaz-Bóveda, R., Juncos-Rabadán, O., Facal, D., & Pereiro, A. X. (2015). Learning and serial effects on verbal memory in mild cognitive impairment. *Applied Neuropsychology: Adult*, 23(4), 237-250. doi: 10.1080/23279095.2015.1053887

Campos-Magdaleno, M., Facal, D., Juncos-Rabadán, O., Braña, T., Pereiro, A. X. (2014). Cluster subtypes of the Spanish versión of the California Verbal Learning Test in a sample of adults with subjective memory complaints. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 36(3), 317-333. doi: 10.1080/13803395.2014.890698

Campos-Magdaleno, M., Facal, D., Juncos-Rabadán, O., Picón, E., & Pereiro, A. X. (2016). Comparison between an empirically derived and standard classification of amnestic mild cognitive impairment from a sample of adults with subjective cognitive complaints. *Journal of Aging and Health*, 28(6), 1105-1115. doi: 10.1177/0898264315624908

Capitani, S., Sala, S. D., Logiel, R. H., & Spinnler, H. (1992). Recency, primacy, and memory: Reappraising and standardising the serial position curve. *Cortex*, 28, 315-342. doi:10.1016/s0010-9452(13)80143-8

Clark, L., R., Delano-Wood, L., Libon, D. J., McDonald, C. R., Nation, D. A., Bangen, K. J., ... Bondi, M. W. (2013). Are empirically-derived subtypes of Mild Cognitive Impairment consistent with conventional subtypes?. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 19(6), 1-11. doi: 10.1017/S1355617713000313

Cunha, C., Guerreiro, M., de Mendonça, A., Oliveira, P. E., & Santana, I. (2012). Serial position effects in Alzheimer's disease, mild cognitive impairment, and normal aging: Predictive value for conversion to dementia. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 34(8), 841-852. doi: 10.1080/13803395.2012.689814

Daneman, M., & Carpenter, P. (1980). Individual differences in working memory and reading. *Journal of Verbal Learning and Verbal Behavior*, 19, 450-466. doi:10.1016/S0022-5371(80)90312-6

Davis, H. P., Small, S. A., Stern, Y., Mayeux, R., Feldstein, S. N. & Keller, F. R. (2003). Acquisition, recall, and forgetting of verbal information in long-term memory by young, middle-aged, and elderly individuals. *Cortex*, 39(4-5), 1063-1091.

DeJong, J., & Donders, J. (2009). Cluster subtypes on the California Verbal Learning Test-Second Edition (CVLT-II) in a traumatic brain injury sample. *Assessment*, 16, 328-336. doi:10.1177/1073191109336989

DeJong, J., & Donders, J. (2010). Cluster subtypes on the California Verbal Learning Test-Second Edition (CVLT-II) in a traumatic brain injury sample. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 32(9), 953-960. doi:10.1080/13803391003645640

Delano-Wood, L., Bondi, M. W., Sacco, J., Abeles, N., Jak, A. J., Libon, D. J., & Bozoki, A. (2009). Heterogeneity in mild cognitive impairment: Differences in neuropsychological profile and associated white matter lesion pathology. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 15, 906-914. doi:10.1017/S1355617709990257

Delis, D.C., Kramer, J. H., Kaplan, E., & Ober, B. A. (1987). *California Verbal Learning Test: Adult version. Manual*. Psychological Corporation, TX: San Antonio.

Delis, D. C., Kramer, J. H., Kaplan, E., & Ober, B. A. (2000). *California Verbal Learning Test. Second edition. Adult version. Manual*. Psychological Corporation. TX: San Antonio.

- Dixon, R. A., Wahlin, Å., Maitland, S. B., Hultsch, D. F., Hertzog, C., Bäckman, L. (2004). Episodic memory change in late adulthood: Generalizability across samples and performance indices. *Memory & Cognition*, 32(5), 768-778.
- Donders, J. (1999). Structural equation analysis of the California Verbal Learning Test-Children's Version in the standardization sample. *Developmental Neuropsychology*, 15, 395-406.
- Donders, J. (2008a). A confirmatory factor analysis of the California Verbal Learning Test-Second Edition (CVLT-II) in the standardization sample. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 30(7), 741-748. doi: 10.1177/1073191107310926
- Donders, J. (2008b). Subtypes of learning and memory on the California Verbal Learninrg Test-Second Edition (CVLT-II) in the standardization sample. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 30(7), 741-748. doi:10.1080/13803390701689595
- Dubois, B., & Albert, M. L. (2004). Amnestic MCI or prodromal Alzheimer's disease?. *The Lancet. Neurology*, 3(4), 246-248.
- Egli, S. C., Beck, I. R., Berres, M., Foldi, N. S., Monsch, A. U., & Sollberger, M. (2014). Serial position effects are sensitive predictors of conversion from MCI to Alzheimer's disease dementia. *Alzheimer's & Dementia*, 10(5 Suppl), S420-424. doi: 10.1016/j.jalz.2013.09.012
- Facal, D., Campos-Magdaleno, M., Guàrdia-Olmos, J., & Juncos-Rabadán, O. (2015). Confirmatory factor analysis of the Spanish version of the California Verbal Learning Test in a sample of middle-aged and older adults with subjective memory complaints. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 38(3), 308-318. doi: 10.1080/13803395.2015.1107527
- Gauthier, S., Reisberg, B., Zaudig, M., Petersen, R. C., Ritchie, K., Broich, K., ... Winblad, B. (2006). Mild cognitive impairment. *Lancet*, 367, 1262-1270. doi:10.1016/S0140-6736(06)68542-5

- Greenaway, M. C., Lacritz, L. H., Binegar, D., Weiner, M. F., Lipton, A., & Cullum, M. (2006). Patterns of verbal memory performance in mild cognitive impairment, Alzheimer Disease, and normal aging. *Cognitive and Behavioral Neurology*, 19(2), 79-84.
- Han, J. W., Kim, T. H., Lee, S. B., Park, J. H., Lee, J. J., Huh, Y., ... Kim, K. W. (2012). Predictive validity and diagnostic stability of mild cognitive impairment subtypes. *Alzheimer's & Dementia* 8(6), 553-559. doi: 10.1016/j.jalz.2011.08.007
- Howieson, D. B., Mattek, N., Seelye, A. M., Dodge, H. H., Wasserman, D., Zitzelberg, T., & Jeffrey, K. (2011). Serial position effects in mild cognitive impairment. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 33, 292-299. doi:10.1080/13803395.2010.516742
- Hughes, C. P., Berg, L., Dazinger, W. L., Coben, L. A. Martin, R. L. (1982). A new clinical scale for the staging of dementia. *The British Journal of Psychiatry: the journal of mental science*, 140, 566-572.
- Hutchens, R. L., Kinsella, G. J., Ong, B., Pike, K. E., Parsons, S., Storey, E., ... Clare, L. (2012). Knowledge and use of memory strategies in amnestic mild cognitive impairment. *Psychology and Aging*, 27(3), 768-777. doi: 10.1037/a0026256
- Jacobson, N. S., & Truax, P. (1991). Clinical significance: a statistical approach to defining meaningful change in psychotherapy research. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 59(1), 12-19.
- Jones, S. N., Greer, A. J., & Cox, D. E. (2011). Learning characteristics of the CERAD word list in a n elderly VA sample. *Applied Neuropsychology*, 19(3), 239. doi: 10.1080/09084282.2011.595441
- Knight, R. G., McMahon, J., Skeaff, C. M., Green, T. J. (2007). Reliable Change Index scores for persons over the age of 65 tested on alternate forms of the Rey AVLT. *Archives of clinical neuropsychology*, 22(4), 513-518.
- Libon, D. J., Xie, S. X., Eppig, J., Wicas, G., Lamar, M., Lippa, C., ... Wambach, D. M. (2010). The heterogeneity of mild cognitive impairment: a neuropsychological

analysis. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 16(1), 84-96. doi: 10.1017/S1355617709990993

Loewenstein, D. A., Acevedo, A., Small, B. J., Agron, J., Crocco, E., & Duara, R. (2009). Stability of different subtypes of mild cognitive impairment among the Elderly over a 2-to 3-year follow-up period. *Dementia and Geriatric Cognitive Disorders*, 27(5), 418-423. doi: 10.1159/000211803

Lojo-Seoane, C., Facal, D., & Juncos-Rabadán, O. (2012). ¿Previene la actividad intelectual el deterioro cognitivo? Relaciones entre reserva cognitiva y deterioro cognitivo ligero. *Revista Española de Geriatría y Gerontología*, 47(6), 270-278.

Lojo-Seoane, C., Facal, D., Guàrdia-Olmos, J., Juncos-Rabadán, O. (2014). Structural model for estimating the influence of cognitive reserve on cognitive performance in adults with Subjective Memory Complaints. *Archives of Clinical Neuropsychology*, 29(3), 245-255.

Machulda, M. M., Pankratz, V. S., Christianson, T. J., Ivnik, R. J., Mielke, M., Roberts, R., O., ... Petersen, R. C. (2013). Practice effects and longitudinal cognitive change in normal aging vs. incident mild cognitive impairment and dementia in the Mayo Clinic Study of Aging. *Clinical Neuropsychology*, 27(8), 1247-1267. doi: 10.1080/13854046.2013.836567.

McKhann, G. M., Knopman, D. S., Chertkow, H., Hyman, B. T., Jack, C. R. J., Kawas, C. H., ... Phelps, C. H. (2011). The diagnosis of dementia due to Alzheimer's disease: Recommendations from the National Institute on Aging and the Alzheimer's Association workgroup. *Alzheimer's & Dementia*, 7(3), 263-269. doi: 10.1016/j.jalz.2011.03.005

Mitchell, A. J., & Shiri-Feshki, M. (2009). Rate of progression of mild cognitive impairment to dementia- meta-analysis of 41 robust inception cohort studies. *Acta Psychiatrica Scandinavica*, 119(4), 252-265. doi: 10.1111/j.1600-0447.2008.01326.x

Mitchell, M. B., Shaughnessy, L. W., Shirk, S. D., Yang, F. M., & Atrial, A. (2012). Neuropsychological test performance and cognitive reserve in health aging and the Alzheimer's disease spectrum: A theoretically driven factor analysis. *Journal of*

the International Neuropsychological Society, 18(6), 1071-1080. doi:10.1017/S1355617712000859

Morris, J. C., Heyman, A., Mohs, R. C., Hughes, J. P., van Belle, G., Fillenbaum, G., Mellits, & Clark, C. (1989). The Consortium to Establish a Registry for Alzheimer's Disease (CERAD). Part I. Clinical and neuropsychological assessment of Alzheimer's Disease. *Neurology*, 39(9), 1159-1165.

Orru, G., Sampietro, S., Catanzaro, S., Girardi, A., Najjar, M., Giantin, V., ... Coin, A. (2009). Serial position effect in a free recall task: Differences between probable dementia of Alzheimer type (PDAT), vascular dementia (VaD) and mixed etiology dementia (MED). *Archives of Gerontology & Psychiatry*, 49(suppl. 1), 207-210. doi:10.1016/j.archger.2009.09.030

Perri, R., Carlesimo, G. A., Serra, L., Caltagirone, C., & The Early Diagnosis Group of the Italian Interdisciplinary Network on Alzheimer's Disease. (2005). Characterization of memory profile in subjects with amnestic mild cognitive impairment. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 27(8), 1033-1055. doi: 10.1080/13803390490919317

Petersen, R. C., Doody, R., Kurz, A., Mohs, R. C., Morris, J. C., Rabins, P. V., Ritchie, ... Winblad, B. (2001). Current concepts in mild cognitive impairment. *Archives of Neurology*, 58(12), 1985-1992.

Petersen, R. C., Smith, G. E., Kokmen, E., Ivnik, R. J., & Tangalos, E. G. (1992). Memory function in normal aging. *Neurology*, 42(2), 396-401.

Petersen, R. C., Smith, G. E., Waring, S. C., Ivnik, R. J., Tangalos, E. G. & Kokmen, E. (1999). Mild Cognitive Impairment. Clinical characterization and outcome. *Archives of Neurology*, 53(3), 303-308.

Petersen, R. C. (2004). Mild cognitive impairment as a diagnostic entity. *Journal of Internal Medicine*, 256, 183-194.

Price, S. E., Kinsella, G. J., Ong, B., Mullay, E., Phillips, M., Pangnadasa-Fox, L., ... Storey, E. (2010). Learning and memory in amnesic mild cognitive impairment:

contribution of working memory. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 16, 342-351. doi:10.1017/S1355617709991391

Rabbitt, P., Diggle, P., Holland, F., & McInnes, L. (2004). Practice and drop-out effects during a 17-year longitudinal study of cognitive aging. *The Journals of Gerontology*, 59(2), 84-97.

Reisberg, B., Ferris, S. H., de Leon, M. J., & Crook, T. (1982). The global deterioration scale for assessment of primary degenerative dementia. *American Journal of Psychiatry*, 139, 1136-1139.

Reisberg, B., Ferris, S. H., de Leon, M. J., Frassen, E. S. E., Kluger, A., Mir, P., ... Cohen, J. (1988). Stage-specific behavioral, cognitive, and in vivo changes in community residing subjects with the age-associated memory impairment and primary degenerative dementia of the Alzheimer type. *Drug Developmet Research*, 15(2-3), 101-114.

Reisberg, B. & Gauthier, S. (2008). Current evidence for subjective cognitive impairment (SCI) as the pre-mild cognitive impairment (MCI) stage of subsequently manifest Alzheimer's disease. *International Psychogeriatrics*, 20(1), 1-16. doi: 10.1017/S1041610207006412

Ribeiro, F., Guerreiro, M., & de Mendonça, A. (2007). Verbal learning and memory deficits in Mild Cognitive Impairment. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 29(2), 187-197. doi: 10.1080/13803390600629775

Roth, M., Huppert, F. A., Mountjoy, C. Q., & Tym, E. (2003). *Prueba de exploración Cambridge revisada para la valoración de los trastornos mentales en la vejez*. Madrid: TEA.

Salthouse, T. A. (2001). Structural models of the relations between age and measures of cognitive functioning. *Intelligence*, 29, 93-115

Salthouse, T. A., Schroeder, D. H., & Ferrer, E. (2004). Estimating retest effects in longitudinal assessments of cognitive functioning in adults between 18 and 60 years of age. *Developmental Psychology*, 40(5), 813-822.

Schmidt, M. (1996). *Rey Auditory and Verbal Learning Test: A handbook*. Los Angeles, CA: Western Psychological Services.

Scott, J. C., Woods, S. P., Patterson, K. A., Morgan, E. E., Heaton, R. K., Grant, I., & Marcotte, T. D. (2006). Recency effects in HIV associated dementia are characterized by deficient encoding. *Neuropsychologia*, 44(8), 1336-1343. doi:10.1016/j.neuropsychologia.2006.01.008

Siedlecki, K. L., Stern, Y., Reuben, A., Sacco, R. L., Elkind, M. S. V., & Wright, C. V. (2009). Construct validity of cognitive reserve in a multiethnic cohort: The Northern Manhattan Study. *Journal of the International Neuropsychological Society*, 15(4), 558-569. doi:10.1017/S1355617709090857

Wechsler, D. (1988). *WAIS. Escala de Inteligencia de Wechsler para adultos*. Madrid: TEA Ediciones.

Wechsler, D. (2004). Escala de memoria de Wechsler-III. Manual de aplicación y puntuación. Madrid: TEA ediciones.

Winblad, B., Palmer, K., Kivipelto, M., Jelic, V., Fratiglioni, L., Wahlund, L. -O., ... Petersen, R. C. (2004). Mild cognitive impairment- beyond controversies, towards a consensus: reporto f the International Working Group on Mild Cognitive Impairment. *Journal of Internal Medicine*, 256, 240-246.

Woods, S. P., Delis, D. C., Scott, J. C., Kramer, J. H., & Holdnack, J. A. (2006). The California Verbal Learning Test- second edition: The test-retest reliability, practice effects, and reliable change indices for the standard and alternate forms. *Archives of Clinical Neuropsychology*, 21(5), 413-420.